



**CORPORACIÓN  
RADIO E TELEVISIÓN  
DE GALICIA**

San Marcos  
15820 Santiago de Compostela  
Tlf: 981 540 640  
info@crtvg.es www.crtvg.gal

DIRECCIÓN-XERENCIA DA ÁREA DE XESTIÓN  
CORPORATIVA DA CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN  
DE GALICIA, S.A.

Consta rexistro económico do  
expediente orzamentario

En Santiago de Compostela, a 23 de febreiro de 2022

Asdo.: Miguel Rodríguez Barrio

Santiago de Compostela, a 23 de febreiro de 2022

## **REUNIDOS:**

Dunha banda:

**CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA, S.A. (CORPORACIÓN RTVG)**, con enderezo social no Centro Emisor de San Marcos, sen número, Santiago de Compostela, C.I.F. A-15073349; representada neste acto por dona **M<sup>a</sup> Concepción Pombo Romero**, segundo poder outorgado en escritura pública perante o notario do Ilustre Colexio de Galicia don José Manuel Amigo Vázquez, en data 4 de xullo de 2017, co número 1789 do seu protocolo.

Doutra banda:

A **FEDERACIÓN GALEGA DE DEPORTE AUTÓCTONO** (en adiante a **FEDERACIÓN**) con domicilio na Coruña, Rúa Salvador de Madariaga, sen número (Campos de Fútbol Víctor Fernández Alonso) e con CIF G-15583750, representada neste acto polo seu Presidente don **Alfredo Blanco Rodríguez**, con DNI/NIF 32.315.516-X

## **PACTOS PRINCIPAIS:**

### **1. OBXECTO.**

Cesión á **CORPORACIÓN RTVG** por parte da **FEDERACIÓN** dos dereitos que se especifican no pacto accesorio primeiro (1) sobre os seguintes campionatos:

**“SUPERCOPA DE CHAVE E DE BILLARDA”** ou sobre a competición que a substitúa , de ser o caso, durante a vixencia deste contrato.

**“CAMPIONATO DE SELECCIÓN DE CHAVE E DE BILLARDA”** ou sobre a competición que a substitúa , de ser o caso, durante a vixencia deste contrato; e

**“COPA XUNTA DE GALICIA DE CHAVE E DE BILLARDA”**; ou sobre a competición que a substitúa, de ser o caso, durante a vixencia deste contrato.

### **2. IMPORTE.**

A **CORPORACIÓN RTVG** aboará á **FEDERACIÓN** polos dereitos cedidos a cantidade total de vinte mil euros (20.000,00 €), máis cota correspondente ao imposto sobre o valor engadido (IVE).



Serán aboados cinco mil euros (5.000,00 €), máis cota correspondente ao imposto sobre o valor engadido (IVE), por cada temporada, a razón de mil seiscientos sesenta e seis euros con sesenta e sete céntimos (1.666,67 €) por cada campionato.

Estas cantidades serán aboadas sempre e cando a **CORPORACIÓN RTVG** poida exercer os dereitos que lle son cedidos mediante este contrato en conformidade co nel establecido.

### **3. PRAZOS DE PAGAMENTO.**

As cantidades establecidas no pacto principal segundo (2), serán aboadas pola **CORPORACIÓN RTVG** á **FEDERACIÓN** aos sesenta (60) días dende a celebración de cada campionato

### **4. DECLARACIÓN DO PROVEDOR.**

A **FEDERACIÓN** ratifica que é a única titular dos dereitos necesarios para a gravación audiovisual dos campionatos de chave e de billarda como organizadora da competición e por terllos cedidos os participantes, así como respecto dos demais dereitos cedidos á **CORPORACIÓN RTVG** por este contrato.

### **5. ENTREGAS .**

A **FEDERACIÓN** deberá poñer a disposición da **CORPORACIÓN RTVG** a sinal en directo no lugar onde se celebre a competición, sendo por conta da **CORPORACIÓN RTVG** o traslado desta ata a súa sede. A duración de cada campionato establécese aproximadamente en cento vinte minutos.

A sinal de vídeo a entregar deberá ser estándar HD-SDI 720p. A sinal de audio a entregar deberá ser mesturada e cunha modulación entre -8dB e -12dB

Tras a sinatura do contrato, e en todo caso 10 días antes da primeira retransmisión, a **FEDERACIÓN** deberá presentar á **CORPORACIÓN RTVG** un plan de produción das retransmisións, que deberá incluír un posto de comentarista para dúas persoas, no que se indique o equipamento a utilizar así como as ubicacións das cámaras e da microfonía. Este plan de produción deberá ser aprobado pola **CORPORACIÓN RTVG** e será o que se aplique durante a execución deste contrato, sen prexuízo de ser revisado ao inicio de cada temporada.

### **6. VIXENCIA.**

Este contrato estará en vigor durante as temporadas 2022, 2023, 2024 e 2025.

Pola **CORPORACIÓN RTVG**

Pola **Federación Galega de Deporte Autóctono**

Asdo.: M<sup>ra</sup> Concepción Pombo Romero  
Apoderada

Asdo.: Alfredo Blanco Rodríguez  
Presidente



## **PACTOS ACCESORIOS:**

### **1. DEREITOS CEDIDOS.**

Sen prexuízo da emisión en directo, a **CORPORACIÓN RTVG** adquire á **FEDERACIÓN** os dereitos de reprodución, comunicación pública por televisión e demais medios dos campionatos de chave e billarda especificados no pacto principal primeiro.

Estes dereitos son adquiridos calquera que sexa o sistema e modos de emisión empregados; televisión dixital terrestre (TDT), satélite, cable/IPTV e internet.

A cesión comprende a posta a disposición da obra por procedementos con ou sen fíos, de tal forma que calquera persoa poida acceder á obra dende o lugar e no momento que elixa.

Os devanditos dereitos son adquiridos en exclusiva, con facultade de cesión exclusiva a terceiros, sen límite de pases, para todo o mundo e polo tempo máximo establecido no texto refundido da Lei de Propiedade Intelectual, ata a entrada da obra no dominio público.

En igual extensión temporal, territorial e de exclusividade a **CORPORACIÓN RTVG** adquire os dereitos de reprodución, comunicación pública e distribución videográfica e fonográfica en todo tipo de sistemas, xa sexa en réxime de préstamo, alugamento ou de venda directa. Incluindo a exhibición en todo tipo de salas e lugares onde se esixa ou non pagamento de entradas, así como en todo medio de transporte público.

En igual extensión temporal, territorial e de exclusividade, a **FEDERACIÓN** cede á **CORPORACIÓN RTVG** o dereito de transformación da versión galega da obra audiovisual, incluíndo a dobraxe e/ou subtitulación a todas as linguas, para a súa explotación en todas as modalidades anteditas.

O devandito dereito de transformación comprende, así mesmo, o dereito de edición separada de calquera parte da obra, así como o de sincronización noutras obras ou programas audiovisuais.

A **CORPORACIÓN RTVG** poderá realizar a sincronización á gravación coa narración e comentarios dos campionatos de chave e billarda.

O exercicio de cada un destes dereitos de explotación efectuarase pola **CORPORACIÓN RTVG** e os seus cesionarios sen outras limitacións que o respecto ao dereito moral dos autores e demais límites que estableza a lei.

### **2. MATERIAL A ENTREGAR.**

A **FEDERACIÓN** deberá realizar a gravación consonte ás seguintes características, debendo entregar no prazo de vinte a catro (24) horas dende a entrega da sinal en directo dunha gravación de cada un dos campionatos coas condicións técnicas aquí especificadas.



### FORMATO VÍDEO:

Resolución: 1920x1080

Frecuencia de cadros: 50fs

Mostraxe: 4:2:2

Bits de cuantificación 10

Encapsulado: MFX OP-1a

Códec de vídeo: XAVC Long Gop 50

Taxa binaria: 50 Mbps

### **Entrega dixital:**

A entrega realizarase a través de Ftp, para o que a **CORPORACIÓN RTVG** facilitará á **PRODUTORA** un usuario e contrasinal a tal efecto.

## **3. FACTURACIÓN.**

O importe especificado no pacto principal segundo (2) será aboado na forma establecida no pacto principal terceiro (3) sempre e cando a **CORPORACIÓN RTVG** poida exercer os dereitos que lle son cedidos mediante este contrato en conformidade co nel establecido, segundo o disposto na lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, e previa presentación de factura por parte da **FEDERACIÓN** que cumpra cos requisitos sinalados na lexislación fiscal vixente.

A **FEDERACIÓN** xunto coa factura entregará á **CORPORACIÓN RTVG** certificado de encontrarse ao corrente das súas obrigas tributarias, expedido pola Axencia Tributaria durante os doce (12) meses anteriores ao pagamento da factura, solicitado conforme ao modelo que a Axencia Tributaria dispón aos efectos do artigo 43.1.f da Lei Xeral Tributaria (Modelo 01C), facendo constar como pagador á **Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A.**, N.I.F. A-15073349.

A falta de entrega do devandito certificado impide o abono da factura ata a súa aportación á **Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A.**

A **FEDERACIÓN** deberá presentar as súas facturas a través do sistema electrónico de facturación da Xunta de Galicia (SEF), de acordo co establecido na Orde do 26 de febreiro de 2015 (DOG nº 50 do 13 de marzo de 2015). Para iso deberá rexistrarse no portal de "factura electrónica" na páxina web da Xunta de Galicia.

O SEF proporcionará ao presentador un xustificante de recepción electrónica no cal constarán, como mínimo, a data e a hora de presentación, o órgano xestor destinatario e o número de asento rexistral da factura. Así mesmo, incluírá un código seguro de verificación que permitirá en calquera momento validar ante o sistema a exactitude do documento.

O Rexistro Contable de Facturas estará integrado co SEF. A anotación no rexistro contable de facturas é requisito previo necesario para a tramitación do recoñecemento da obrigación.

A información sobre este será a través das seguintes URL: <http://conselleriadefacenda.es/factura> ou <http://www.conselleriadefacenda.es/sicon/>



Os datos que se terán en conta na facturación electrónica son:

COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA - PUNTO XERAL DE ENTRADA DE FACTURAS ELECTRÓNICAS - UNIDADES TRAMITADORAS								
						CÓDIGOS DIR3		
CIF	RECEPTOR	CONSELLERÍA/ ENTIDADE	ÓRGANO DE CONTRATACIÓN	UNIDADE DE CONTRATACIÓN	CÓDIGO INTERNO SEF	OFICINA CONTABLE	ÓRGANO XESTOR	UNIDADE TRAMITADORA
A15073349	CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA S.A.	CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA S.A.	CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA S.A.	ADMINISTRACIÓN	0611	A12025573	A12025573	GE0010957

#### 4. **EXCLUSIVIDADE.**

Os dereitos establecidos neste contrato son cedidos para todo o mundo con carácter de exclusiva

Polo anterior, a **FEDERACIÓN** comprométese a non autorizar a ningunha outra empresa ou operadora, pública ou privada, nacional ou estranxeira, calquera que sexa o seu ámbito de cobertura, incluso local, e o sistema de difusión empregado, a retransmisión e emisión, en directo ou en diferido, total ou parcial, das competicións de chave e billarda incluídas neste contrato.

#### 5. **AUTORIZACIÓNS.**

- 5.1. A **FEDERACIÓN** comprométese perante a **CORPORACIÓN RTVG** a obter todos os permisos necesarios que sexan da súa responsabilidade para a retransmisión das competicións de chave e billarda obxecto deste contrato.
- 5.2. É de conta da **FEDERACIÓN** o aboamento das autorizacións dos dereitos de imaxe e de calquera outro tipo de calquera participante nas competicións.
- 5.3. Será de conta da **FEDERACIÓN** obter as autorizacións necesarias para a gravación e retransmisión das competicións do/s titular/es do/s recinto/s no que se celebre aquel.
- 5.4. A **FEDERACIÓN** deberá contar coas autorizacións denantes da celebración das competicións, responsabilizándose perante a **CORPORACIÓN RTVG** e terceiros das consecuencias da súa falta.

#### 6. **PUBLICIDADE.**

A publicidade estática dos campionatos de chave e billarda obxecto deste contrato será da **FEDERACIÓN**, comprometéndose esta a respectar a legalidade publicitaria aos efectos de difusión por televisión.

#### 7. **RESOLUCIÓN DO CONTRATO.**

Será causa de resolución do contrato, o incumprimento por calquera das dúas partes, das prestacións contidas no mesmo, así como calquera outra establecida na lexislación aplicable ao contrato



No caso de incumprimento dalgún dos pactos establecidos neste contrato, a parte incumpridora abonará á outra a indemnización de danos e perdas que corresponda, sen prexuízo da resolución do mesmo.

## **8. INDEMNIZACIÓN POR DANOS E PERDAS.**

As partes outorgantes deste contrato aceptan todas e cada unha das obrigas estipuladas que se conteñen no mesmo, comprometéndose a indemnizar á outra dos danos e perdas derivados do seu incumprimento.

## **9. INCOMPATIBILIDADES.**

9.1. Don Alfredo Blanco Rodríguez, declara expresamente e responsabilízase de que a **FEDERACIÓN**, á que representa, conta coa capacidade legal en dereito necesaria para obrigarse e que non está incurso en ningunha das prohibicións e incompatibilidades expresadas na lexislación vixente para realizar o contrato

9.2. Igualmente manifesta que ningún directivo ou persoal da **CORPORACIÓN RTVG**, nin directa nin indirectamente, é socio, nin administrador, nin forma parte do seu cadro de persoal, nin mantén con ela ningunha clase de dependencia ou relación laboral, comercial ou asesoramento técnico, durante o prazo de vixencia deste contrato.

## **10. GASTOS E IMPOSTOS.**

Calquera gasto que orixine a formalización deste contrato e calquera imposto ou taxa que se derive da actividade, agás o imposto sobre o valor engadido (IVE), será de conta da **FEDERACIÓN**.

## **11. LEXISLACIÓN SUPLETORIA.**

En todo o non disposto neste contrato, a relación entre as partes rexerese:

- Polo establecido no Real Decreto Lexislativo 1/1996, do 12 de abril, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Propiedade Intelectual, regularizando, aclarando e harmonizando as disposicións legais vixentes sobre a materia e polo especificado na lexislación de dereito civil aplicable en Galicia.

## **12. DECLARACIÓN DE COÑECEMENTO DA POLÍTICA DE PREVENCIÓN DE DELITOS DA CRTVG.**

A **FEDERACIÓN** é coñecedora de que a **CORPORACIÓN RTVG** conta cunha política de prevención de delitos, que pode consultar na páxina web da Corporación RTVG, resultado do seu compromiso fundamental de cumprir na súa actuación e nas súas relacións con terceiros todas as leis que resulten aplicables. A dita política de prevención de delitos atópase integrada, entre outros, polo Modelo de Prevención de Delitos (do que forma parte o Código de Conduta da Corporación), no que se recollen unha serie de políticas específicas a seguir polo persoal, directivos e administradores da **CORPORACIÓN RTVG**.

A **FEDERACIÓN** é coñecedora de que a **CORPORACIÓN RTVG** actuará, en todo caso, dando cumprimento ao referido Modelo de Prevención de Delitos e adoptando aquelas medidas esixidas por esa na súa relación coa propia **FEDERACIÓN** e con terceiros.



### 13. **CONFIDENCIALIDADE.**

As partes non poderán revelar, nin durante o prazo de vixencia deste acordo, nin en momento ningún posterior ao mesmo, calquera tipo de información relativa aos datos e termos contemplados no acordo subscrito por ambas partes.

Non se considerará violación do disposto nesta cláusula a información que calquera das partes deba entregar ou dar a coñecer en cumprimento das súas obrigas legais.

Tampouco se considerará violación a revelación de datos para realizar cesións dos dereitos de cobro deste contrato.

### 14. **INTERVENCIÓN EN XUÍZO CONTRA CORPORACIÓN RTVG EN RELACIÓN CO OXECTO DESTA CONTRATO**

Cando a *CORPORACIÓN RTVG* sexa demandada por terceiros como consecuencia de calquera reclamación derivada do obxecto deste contrato, a *FEDERACIÓN* obrígase a personarse no proceso xudicial aberto, tal como permite o artigo 13 da Lei de Axuízamento Civil. Todo elo, sen prexuízo da responsabilidade exclusiva da *FEDERACIÓN* na execución e na titularidade dos dereitos cedidos sobre o obxecto deste contrato.

### 15. **PROTECCIÓN DE DATOS.**

A Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A. (Corporación RTVG) informa que, con base no Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016, relativo á protección de persoas físicas respecto ao tratamento de datos de carácter persoal e á libre circulación deses datos (RGPD) e a lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, a finalidade da recollida e tratamento dos datos de carácter persoal que a *FEDERACIÓN* nos facilita neste momento ou durante a prestación dos servizos obxecto do contrato, e que fai referencia a datos de carácter persoal, resulta necesario para o desenvolvemento e cumprimento da relación contractual. Informámoslle que ditos datos non serán cedidos a terceiros sen o seu expreso consentimento salvo obriga legal ou base xurídica que o lexitime e serán conservados unicamente polo tempo que legalmente corresponda. Poderá exercer os seus dereitos de Acceso, Rectificación, Supresión, Oposición, Limitación e Portabilidade por correo postal á dirección propia da Corporación RTVG indicada no encabezado do contrato, ou mediante correo electrónico na dirección [lopdcrtvg.es](mailto:lopdcrtvg.es), en ambos casos xuntando copia do DNI. Tamén poderá presentar unha reclamación ante unha autoridade de control.

### 16. **ENDEREZOS.**

Os efectos exclusivos da recepción de comunicacións e notificacións de carácter xudicial e extraxudicial, as partes acordan fixar como enderezos propios os especificados no encabezamento do contrato, que só poderán seren modificados mediante comunicación fidedigna enviada á outra parte.



## 17. **MODIFICACIONES.**

Calquera variación dos pactos establecidos no contrato terá que ser necesariamente consignada por escrito, carecendo de toda eficacia ou validez ata o cumprimento deste requisito.

## 18. **TÍTULOS.**

Os encabezamentos ou títulos de cada un dos pactos do contrato teñen unha significación meramente orientativa e carecen de valor vinculante ningún, polo que en ningún caso prexulgan o contido dos mesmos, nin se poden ter en conta á hora da súa interpretación ou aplicación.

## 19. **NULIDADE.**

A nulidade total ou parcial de calquera dos pactos contidos no contrato non suporá a nulidade de ningún dos outros pactos do mesmo, que manterán a súa plena eficacia e validez.

## 20. **OUTRAS CAUSAS DE RESOLUCIÓN DO CONTRATO.**

20.1. Ademais das especificadas nos "pactos" deste contrato, son causas de resolución do mesmo calquera outra establecida na lexislación aplicable a este.

20.2. No caso de incumprimento dalgún dos pactos establecidos neste contrato, a parte incumplidora abonará á outra a indemnización de danos e perdas que corresponda, sen prexuízo da súa resolución.

## 21. **ELEVACIÓN A ESCRITURA PÚBLICA.**

Calquera das partes poderá compeler á outra para elevar a escritura pública este documento, sendo de conta da requirinte os gastos xerados por este trámite.

## 21. **FORO.**

Para a resolución de calquera controversia que puidese xurdir na interpretación e/ou na execución deste contrato, as partes, con renuncia a calquera outro foro que lles puidese corresponder, sométense expresamente á xurisdicción e competencia dos tribunais e xulgados do Mercantil da Coruña que por quenda lle corresponda.

E para que así conste, en proba de conformidade e previa a súa lectura, as partes asinan o contrato por cuadriplicado exemplar e a un só efecto no lugar e data "ut supra".

Pola **CORPORACIÓN RTVG**

Pola **Federación Galega de Deporte Autóctono**

Asdo.: M<sup>a</sup> Concepción Pombo Romero  
Apoderada

Asdo.: Alfredo Blanco Rodríguez  
Presidente

Este contrato foi informado favorablemente o 23 de febreiro de 2022, segundo consta no informe 110/2022 do Departamento de Asesoría Xurídica da Corporación RTVG

